

## GUÍA DIDÁCTICA

### PROXECTO: DE LINGUA EN LINGUA

**DE LINGUA EN LINGUA** é un proxecto educativo plurilingüe (galego, castelán, inglés) composto de 9 unidades, deseñadas para que corresponda unha por mes, desde outubro a xuño, ao desenvolverse todas elas arredor de datas conmemorativas propostas no calendario escolar.

A finalidade de cada unha das unidades é a elaboración dun produto textual integrado, é dicir, un proxecto plurilingüe multimedia. (Contido recollido nos catro cursos de ESO en todas as linguas)

Prima en todo o proxecto o enfoque comunicativo a partir do traballo con textos, polo que se ben está orientada a 1º e 2º ESO, é facilmente adaptable a 3º e 4º.

#### Obxectivos educativos pretendidos

##### Obxectivos xerais:

- ✓ Facilitar as transferencias lingüísticas entre idiomas como xeito de mellorar a calidade do proceso de adquisición da competencia lingüística do alumnado.
- ✓ Reforzar os procesos de comprensión lingüística, oral e escrita, e de produción lingüística, textual, oral e interaccional, do alumnado.
- ✓ Potenciar a reflexión metalingüística do alumnado a partir de textos accesibles ao alumnado afrontados desde tres linguas (galego, castelán e inglés), cunha metodoloxía e enfoque lingüístico comúns.
- ✓ Afrontar a aprendizaxe lingüística a partir de situacións comunicativas reais e concretas, localizadas nos espazos de interacción e intereses do alumnado.
- ✓ Propiciar o coñecemento do plurilingüismo e a diversidade lingüística como xeito de desenvolver actitudes lingüísticas positivas carentes de prexuízos.
- ✓ Fomentar a reflexión e toma de postura ante temas transversais diversos como xeito de traballar a competencia social e cívica do alumnado.
- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a aprendizaxe autónoma do alumnado a partir do traballo en grupo entre iguais (aprendizaxe cooperativa).

### Obxectivo específico:

- ✓ Realizar proxectos multimedia nos que se utilicen varias linguas, valorando positivamente as competencias que posúe cada persoa como plurilingüe, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos, sociais ou culturais.

### Aspectos curriculares en que se incide

**DE LINGUA EN LINGUA** é un proxecto composto por 9 unidades que ten como obxectivo principal mellorar a **competencia lingüística** do alumnado, traballando contidos lingüísticos relacionados con situacións comunicativas concretas relacionadas con **temas transversais** e desde un enfoque do **tratamento integrado das linguas**. Asemade, preténdese desenvolver no alumnado estratexias e destrezas que, desde o traballo en grupo (preferentemente **equipos cooperativos**), fortalezan a súa **aprendizaxe autónoma** a partir da presentación de situacións de aprendizaxe concretas. Para isto preséntanse **rúbricas** con indicadores de logro que o alumnado coñecerá desde a mesma presentación da unidade.

### Metodoloxía e orientacións didácticas

DE LINGUA EN LINGUA baséase no **Tratamento Integrado das Linguas**, é dicir, parte da transferencia de aprendizaxes nas diferentes linguas para lograr un obxectivo común: a mellora da competencia comunicativa plurilingüe. Esta metodoloxía TIL céntrase no enfoque comunicativo das linguas desde o coñecemento e valoración da realidade plurilingüe en que vivimos.

Por outra banda, a metodoloxía de traballo proposta é a da **aprendizaxe cooperativa**. Cada unidade preséntalle ao alumnado o reto de elaborar un proxecto común entre as linguas para ser presentado ante a comunidade educativa. Este reto só pode ser abordado desde a cooperación e o traballo en grupo. Todas as unidades van acompañadas de recursos para o profesorado que facilitan a aplicación desta metodoloxía: unha breve introdución, consellos para a formación dos equipos e presentación de estruturas cooperativas básicas para ser aplicadas na aula.

## Orientacións didácticas para a súa aplicación

Todas as unidades didácticas constan de tres apartados (nas tres linguas) dirixidos ao alumnado: [Que conmemoramos](#), [Que imos facer](#) e [Como nos avaliamos](#).

[Que conmemoramos](#) funciona como presentación da unidade. Neste caso Lingua galega (LG) e Lingua castelá (LC) comparten o mesmo contido: un texto introdutorio á data que se conmemora, preguntas de comprensión sobre o mesmo e achegamento aos conceptos básicos asociados á conmemoración. Isto permite que a introdución sexa feita por calquera das dúas linguas e que sexa o profesorado o que decida quen a realiza dependendo das circunstancias concretas de cada centro. Neste apartado, Lingua Inglesa (LI) reforza algúns dos contidos e aspectos básicos que son previamente vistos nas linguas en que o alumnado ten maior competencia.

En [Que imos facer](#) preséntaselle ao alumnado o obxectivo da unidade: un produto textual integrado final que resultará tras o traballo independente en cada unha das linguas. É importante salientar que neste proceso as tres linguas comparten modalidades discursivas comúns que permiten reforzar a adquisición por parte do alumnado das características da produción textual.

[Como nos avaliamos](#), como se comentará a continuación, ofrécelle ao alumnado rúbricas que permiten a retroalimentación da aprendizaxe.

A presentación destes tres apartados vai dirixida e está deseñada de xeito que, coa coordinación da persoa docente, o alumnado poida facer unha aprendizaxe autónoma e significativa.

Existe unha cuarta pestana, [Profesorado](#), fóra da imaxe central dirixida ao alumnado, que alberga a presentación da unidade e do proxecto para os docentes; os contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave referenciadas para 1º ESO; recursos sobre aprendizaxe cooperativa e un cadro coas referencias do material albergado na unidade.

## Actividades propostas

Mes/ Conmemoración	PTI	Ámbitos de uso	Tipo de texto	PTI (Produto textual integrado)		
				Galego	Castellano	English
<b>16 outubro</b>  Día Internacional da Alimentación	<b>Feira da Alimentación</b>  (exposición)	Académico e social	Expositivo (Instrutivo/expositivo)	<b>Os nosos produtos</b> Fichas informativas + exposición oral  E/O/(M)	<b>La soberanía alimentaria</b> Dípticos  E/(M)	<b>Can you cook?</b> Recipes  E/(M)
<b>25 novembro</b>  Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller	<b>Campaña de concienciación</b> contra a violencia machista	Social e literario	Narrativo	<b>Dálle a volta á violencia machista</b>  Pirámide da violencia e pirámide da igualdade (cartas e anécdotas)  E/O	<b>Di no a las relaciones tóxicas</b>  Cortometraje  O/E/M	<b>Who is who?</b>  Biographies  E/O/M
<b>10 decembro</b>  Día Internacional dos Dereitos Humanos	<b>Diálogos humanos</b>  (representación)	Literario, académico e social	Dialóxico/Narrativo	<b>Viñetas humanas</b>  Banda deseñada  E/(O/M)	<b>Escenas humanas</b>  Teatro  O/E/	<b>Human Rights</b>  Advertisements  O/E/M
<b>30 xaneiro</b>  Día Escolar da Non Violencia e da Paz	<b>Apostando pola paz</b> (programa de radio)	Medios comunicación e social	Dialóxico/Argumentativo	<b>Resolvendo conflitos</b>  Cuñas publicitarias  O/E/M	<b>Las consecuencias de la violencia</b>  Debate  O/E/M	<b>The importance of being a pacifist</b>  Biographical arguments  O/E/M

<b>21 febreiro</b> Día Internacional da Lingua Materna	<b>Un mundo de linguas</b> (exposición)	Académico e social	Expositivo/Argumentativo	<b>O tendal dos prexuízos</b> Análise de prexuízos lingüísticos E/O/(M)	<b>Las lenguas que hablamos</b> Grabación de las lenguas habladas en la comunidad O/E/M	<b>Beyond English</b> Formal letters E/O
<b>Marzo</b> Semana da Prensa	<b>O xornal do IES</b>	Medios comunicación, académico e social	Expositivo e argumentativo	<b>Noticias e breves</b> A información E/M	<b>Artículos de opinión y horóscopo</b> A opinión E/M	<b>Rewiews and the weather</b> Information/ opinion E/M/
<b>Abril</b> Semana do Libro	<b>Libro colectivo</b>	Literario e académico	Narrativo	<b>Fotonovela</b> A narración E/(O)/M	<b>Microrrelato</b> La narración E/M	<b>Poem</b> Poetry E/M
<b>9 maio</b> Día de Europa	<b>De Viaxe por Europa</b>	Académico e persoal	Descritivo/Expositivo	<b>Escollemos destino</b> Presentacións orais. O/M/E	<b>¿Quién soy yo?</b> Fichas de pistas (juego) E/O/(M)	<b>European Citizen Card</b> Board Game E/O/(M)
<b>5 xuño</b> Día Mundial do Medio Ambiente	<b>Aula da Natureza dixital</b>	Académico e social	Expositivo/Argumentativo	<b>Valora o teu medio</b> Textos multimodais E/M/(O)	<b>Buenas prácticas ambientales</b> Textos multimodais E/M/(O)	<b>Amateur Ornithology</b> Multimodal text E/M/O

**PTI** Produto textual integrado (Denomina a actividade conxunta final elaborada en colaboración entre as tres linguas)

**E** Texto escrito / **O** Texto oral/ **M** Texto multimodal (inclúe uso TIC na súa elaboración e/ou difusión)

**(E/O/M)** Entre parénteses indican que se desenvolven dese xeito nunha actividade previa ao PTI ou que é opcional.

### Recursos de avaliación para o alumnado

Todas as unidades van acompañadas de rúbricas para o alumnado. Estas rúbricas ofrécense desde o inicio e desde cada unha das linguas para que o alumnado saiba exactamente o que se lle pide e poida ir avaliando o seu proceso de aprendizaxe. Todas elas levan indicadores de logro claro que permiten a autoavaliación. Esta ferramenta, pois, preséntase como un recurso de [retroalimentación da aprendizaxe](#) que lle permite ao alumnado ir modificando a súa estratexia na elaboración da tarefa indicada. Dentro das rúbricas, aparecen como dimensións a avaliar a planificación do traballo e a súa revisión, con indicadores de logro que lle permiten coñecer ao alumnado os seus avances.

As rúbricas ofrécense en formato pdf e odt, para que o profesorado poida adaptalas ás situacións concretas de cada grupo.